



VICERREITORÍA DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA E COMPROMISO SOCIAL

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado
Sección de Servizos á Comunidade Universitaria
Pavillón Estudiantil. Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COMEDOR DO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS (SUR) CURSO 2010-2011

(Aprobada polo Consello de Goberno de 25 de marzo de 2010)

A Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social co obxecto de poñer en marcha accións de apoio económico ao estudiantado e garantir a igualdade de oportunidades das familias con menos recursos, convoca bolsas de comedor para o alumnado da Universidade de Santiago de Compostela (USC) consonte ás seguintes

BASES

PRIMEIRA. SOLICITANTES

Poderán acceder a estas bolsas o estudiantado matriculado na USC no curso académico 2010/11 que cumpra os seguintes requisitos:

1. Estar aloxado no Servizo Universitario de Residencias (SUR) da USC durante todo o curso 2010/2011.
2. Ser bolseiro/a no curso 2010/2011 da convocatoria de bolsas de carácter xeral e de mobilidade do Ministerio que ten a competencia nesa materia, co compoñente de residencia.

SEGUNDA. SOLICITUDE

O impreso de solicitude estará dispoñible: no Campus de Santiago, na Sección de Servizos á Comunidade Universitaria do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudiantil – Campus Vida); no Campus de Lugo, na Vicexerencia (Edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros, Campus Universitario), e na páxina web: <http://www.usc.es/bolsas> en Bolsas e Axudas da USC.

As solicitudes presentaranse nos Rexistros Xerais da Universidade: no de Santiago, situado no Colexio de San Xerome, s/n, 15782, e no de Lugo, situado no Edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros, Campus Universitario, 27002; nos Rexistros Auxiliares das Unidades de Xestión Académica, o do Campus Vida, situado no edificio do Pavillón Estudiantil, e o do Campus Norte, situado no Burgo das Nacións, ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

TERCEIRA. PRAZO

O prazo de solicitude abranguerá desde o **2 de novembro de 2010** ata o **30 de setembro de 2011**.

O estudiantado **deberá solicitar esta bolsa ao longo do mes seguinte ao ingreso da axuda de residencia concedida polo Ministerio**.

CUARTA. DOCUMENTACIÓN

O estudiantado presentará xunto coa solicitude, a documentación que deseguido se relaciona:

1. Copia do resgardo de ter ingresado no número de conta **2091 0388 98 3110001172** (Caixa Galicia, Santiago de Compostela) **en concepto de aloxamento en residencia** o pago íntegro do compoñente de residencia da bolsa concedida polo Ministerio.
2. Documento facilitado pola entidade bancaria no que conste o código da conta cliente cos códigos que identifican o banco, a oficina, o dígito de control e o número da conta, da que deberá ser titular ou cotitular o alumno/a bolseiro/a e na cal se aboará o importe da axuda.



VICERREITORÍA DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA E COMPROMISO SOCIAL

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado
Sección de Servizos á Comunidade Universitaria
Pavillón Estudiantil. Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Para seren admitidos ao procedemento de selección os aspirantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas na data de expiración do prazo para a presentación de solicitudes.

A presentación da solicitude á bolsa implica a total aceptación das bases por parte de cada solicitante.

QUINTA. TRAMITACIÓN

Correspóndelle á Sección Servizos á Comunidade Universitaria do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado:

- A revisión das solicitudes e dos documentos preceptivos para, no caso de ser necesario, requirir ao/á interesado/a que repare as faltas que se detecten con indicación de que de non facelo terase por desistido/a do seu pedimento, arquivándose a solicitude previa resolución expresa.

- A revisión do cumprimento dos requisitos para a obtención da axuda e a elevación de propostas ao Vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social para a súa concesión ou denegación así como a notificación ao interesado da resolución adoptada.

Contra esa resolución os/as interesados/as poderán presentar reclamación no prazo de 10 días, contados dende a data da súa notificación. Transcorrido ese prazo e analizadas, de ser o caso, as reclamacións, remitiráselle a proposta ao Vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social quen resolverá definitivamente por delegación do Reitor da Universidade.

SEXTA: LUGAR DE NOTIFICACIÓNS DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA

As comunicacións serán publicadas no taboleiro de anuncios das residencias e colexios maiores que integran o SUR.

Considerarase como domicilio do/a interesado/a, a efectos de notificacións das incidencias individuais en relación con estas bolsas, o cuarto ocupado polo/a alumno/a no SUR.

SÉTIMA. CONTÍA

1. A contía de cada bolsa virá dada:

- Polo tipo de cota adxudicada ao estudante en relación coa súa Renda Persoal Dispoñible (RPD)
- Polo compoñente de residencia da bolsa do Ministerio.

2. Ao estudantado con RPD inferior ou igual a 8.999,99 €, sumaráselle á anterior RPD, pola que se lle asignou a cota que está aboando, o importe da axuda de residencia do Ministerio. Esta operación dará como resultado unha nova RPD en base a cal se lle adxudicará unha nova cota por cuxo importe deberá aboar todo o curso académico 2010-2011.

3. Ao estudantado que fora residente/colexial no curso 2007-2008 e considerado de readmisión na convocatoria de prazas de aloxamento do SUR dos cursos 2008-2009 e 2009-2010, que polo disposto no parágrafo anterior salten dúas cotas, pasarán a aboar durante todo o curso académico 2010-2011 o importe da cota inmediatamente superior á que lle corresponde pola súa RPD orixinaría, sendo a cota máxima a pagar por estes estudantes a cota E.

4. A contía a ingresar a cada alumno/a como bolsa de comedor calcularase restando do importe total do compoñente de residencia da bolsa do Ministerio o importe anual segundo, a nova cota adxudicada, descontados os importes xa aboados.

OITAVA. OBRIGAS DOS/DAS BOLSEIROS/AS

1. Permanecer no Servizo Universitario de Residencias durante o curso académico 2010/11.
2. Non ter cantidades pendentes en concepto de dereitos de aloxamento co SUR no momento de realizar a solicitude desta bolsa.
3. Ter feito o pagamento ao que fai referencia a base cuarta punto primeiro da presente convocatoria.
4. Comunicar á Sección de Servizos á Comunidade Universitaria calquera cambio en relación cos requisitos para a solicitude destas bolsas así como a percepción doutras axudas públicas.

NOVENA. RESOLUCIÓN E PAGAMENTO DAS BOLSAS

O pagamento das bolsas realizarase mediante resolucións mensuais unha vez comprobado que o alumnado beneficiario mantén os requisitos esixidos para a súa concesión.

Ao principio de cada mes a USC librará as axudas directamente a favor de cada alumno/a que figure na resolución da concesión nun único pagamento, que se efectuará mediante transferencia á conta escollida por el/ela na súa solicitude.

DÉCIMA. REVOGACIÓN DA CONCESIÓN

A concesión desta axuda poderá ser revogada no caso de ser concedida a alumnos/as que non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos. Neste caso o alumno deberá reintegrar o importe da bolsa percibida.

UNDÉCIMA. INCOMPATIBILIDADES.


Esta bolsa é incompatible con calquera outra axuda, bolsa, etc, que destinada ao mesmo fin obteña o/a solicitante de calquera administración, entidade pública ou privada.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén contado desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2010

**O VICERREITOR DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA
E COMPROMISO SOCIAL**



José Manuel Mayán Santos